CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POR O PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2021.**

En Laxe, sendo as 21:00 horas do día 30 de setembro de 2021, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o Alcalde D. José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno, e os concelleiros:

Dna Raquel Lema Allo (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Don Francisco CharlónOróns (PP)
Dna Sandra Mouzo Pose (PP)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)
D. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)
D. Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Non asiste Dna. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE).

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluidos na orde do día.

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, BORRADORES ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES DE 27/07/2021 e 29/07/2021.**

Dase conta dos borradores das actas das sesións de 27.07.2021 e 29.09.2021, para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Seguidamente, non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**BORRADOR ACTA 27/07/2021**

**VOTOS A FAVOR: 10** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

**BORRADOR ACTA 29/07/2021**
**VOTOS A FAVOR: 10** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

**2.- SOLICITUD POS+ADICIONAL 2/2021.**
Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,
*Asunto: PARTICIPAR NA 2ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) ADICIONAL 2/ 2021*
*Expte. Admvo. Núm. 2021/A008/000023.*

*A Deputación Provincial da Coruña enviou a este concello, con data do 18/06/2021, circular específica sobra a elaboración do POS+ Adicional 2/2021 por maior achega da Deputación.*

*Nesta circular especifícase que: "[...] Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2021, no Expediente de modificación de créditos 2/2021, aprobado polo Pleno desta deputación o 26 de marzo de 2021, consignouse a cantidade de 25.000.000,00 €, que se distribuíu entre os 93 concellos da provincia aplicando os mesmos criterios previstos nas Bases reguladoras do POS+ 2021, e que se vai aplicar a través do POS+ ADICIONAL 2/2021, porque o POS ADICIONAL 1/2021 destinado aos gastos sociais extraordinarios xa foi aprobado.*

A cantidade que lle corresponde a ese concello no POS+ ADICIONAL 2/2021 polo reparto da maior achega provincial por importe de 25.000.000,00 € é a seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| *CONCELLO* | *POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial (€)* |
|---|---|
| *Laxe* | *138095,28* |

*[...]"*
*Por Resolución de Alcaldía núm. 370/2021, de 07/07/2021 este concello acordou participar na 1ª fase do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, aplicando un orzamento total nesta fase de 119.823,34 euros distribuídos entre o proxecto de "Mellora do vial municipal no lugar de Carballal, na parroquia de Traba" por importe de 68.613,33 euros e no proxecto de "Mellora do firme e seguridade vial na carretera municipal á praia de Traba, na zona de Mórdomo, parroquia de Traba" por importe de 51.210,01 euros; quedando pendentes de aplicar para a 2ª fase do POS Adicional 2/2021 un orzamento de 18.271,94 euros.*

*Á vista dos antecedentes e con respecto á participación na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021, formúlase a seguinte proposta ao Pleno:*

1.- Participar na ***2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021*** da Deputación Provincial da Coruña***,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:*

| ***Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021*** | ***Financiamento dos investimentos*** | | |
|---|---|---|---|
| | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***Orzamento total*** |
| *SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE* | *18.271,00* | *0,00* | *18.271,00* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | | |
|---|---|---|---|
| *PORTA BASCULANTE PARA GARAXE MUNICIPAL* | | | |
| | | | |
| ***TOTAL*** | *18.271,00* | | *18.271,00* |

| | |
|---|---|
| *Maior achega provincial asignada ao concello* | *138.095,28* |
| *Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase* | *119.823,34* |
| *Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase* | *18.271,00* |

*2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.*

*4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, integrante do grupo mixto e representante do BNG manifestando o seu desacordo coa actuación pretendida. No mesmo senso manifféstase o voceiro do PSdeG-PSOE, Don Fabián José Romar Lema, indicando o seu desexo de destinalo a outras actuacións, facendo referencia a senda de Santa Rosa a Soesto ou o paseo de Traba.

Tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 6** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro)].
**VOTOS EN CONTRA: 4** [3 do PSdeG-PSOE (Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**
**PRIMEIRO**.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase,

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

| Investimentos financeiramente sostibles<br>2ª Fase POS+ Adicional 2/2021 | Financiamento dos investimentos | | |
|---|---|---|---|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE PORTA BASCULANTE PARA GARAXE MUNICIPAL | 18.271,00 | 0,00 | 18.271,00 |
| | | | |
| TOTAL | 18.271,00 | | 18.271,00 |

| | |
|---|---|
| Maior achega provincial asignada ao concello | 138.095,28 |
| Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase | 119.823,34 |
| Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase | 18.271,00 |

**SEGUNDO**.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**TERCEIRO**.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

**CUARTO**.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**QUINTO**.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SEXTO**.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SÉTIMO**.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**3.-RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS ALCALDÍA NÚM. 480/2021 do 02/09/2021 e 470/2021 de 27 /08/2021.**
Dase conta das resolución de alcaldía**,**

***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 480/2021***
***Asunto***: *Execución en réxime de cooperación dentro do Plan de Infraestruturas Rurais 2021 a obra de "Mellora de camiños municipais no Concello de Laxe"*
***Expte. Admvo. Núm***.: *2021/A006/000007*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

***Expte. Decreto Núm***. *2021/G003/000504*

*O Concello de Laxe ante a notificación efectuada pola Consellería de Medo Rural de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestruturas rurais (Plan de Infraestruturas Rurais 2021) consistentes en “Mellora de camiños municipais no concello de Laxe”, por importe de 32.096,47 euros (IVE engadido) e coa finalidade de que este concello asine o correspondente convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural para a execución do proxecto citado, e en uso das facultades que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e demais lexislación complementaria,*

*Esta Alcaldía* ***RESOLVE***:

***Primeiro***: *Manifestar a aceptación á execución da obra de “Mellora de camiños municipais no Concello de Laxe” en réxime de cooperación.*

***Segundo***: *Comprometerse á posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.*

***Terceiro***: *Renunciar expresamente a reter da achega da Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.*

***Cuarto***: *Asumir unha vez recepcionadas as obras provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación das mesmas.*

***Quinto***: *Designar ao titular da Alcaldía para levar a cabo a sinatura do convenio, estando debidamente facultado para este acto.*

***Sexto***: *Dispoñer que a obra non se someterá a modificacións importantes nos cinco anos seguintes á súa entrega que poidan afectar á natureza, condicións de execución ou cambio do réxime da propiedade da infraestrutura.*

***Sétimo***: *O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por este Concello.*

***Octavo***: *O concello comprométese, sen prexuízo das demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, a acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos.*

***RESOLUCION DE ALCALDÍA 470/2021***

***Núm. Expte. Admvo***.: *2021/X998/000385*

***Expte. Núm***.: *2021/g003/000495*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*A vista da comunicación recibida da xefa de sección do SMAC, da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña para que por parte desta Administración Municipal se propoña os dous días de festa de carácter retribuído e non recuperables para o vindeiro ano 2022, que ten que facerse antes do 1de setembro de 2021, esta alcaldía*
***RESOLVE:***
***Primeiro.-*** *Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperables para o vindeiro ano 2022:*
*. martes 16 de agosto (Día San Roque)*
*. mércores 17 de agosto (Día do Carmen)*
***Segundo.-*** *Remitir certificación desta resolución á SMAC da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña, para ter en conta no calendario laboral de 2022.*

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, integrante do grupo mixto e representante do BNG manifestando o seu desexo de que este tipo de propostas se debatan en pleno, como en anos anteriores.
No mesmo senso maniféstase o voceiro do PSdeG-PSOE Don Fabián José Romar Lema.

Seguidamente, e tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 480/2021 do 02/09/2021**
**VOTOS A FAVOR: 10** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**

**RESOLUCIÓN ALCALDÍA NÚM. 470/2021 de 27/08/2021**
**VOTOS A FAVOR: 6** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**ABSTENCIÓNS: 4** [3 do PSdeG-PSOE (Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

Ratificar ás resolucións de Alcaldía núm. 480/2021 do 02/09/2021 e 470/2021 de 27/08/2021.

**4.- ACEPTACIÓN, SI PROCEDE, DAS CONDICIÓNS E PRESCRIPCIÓNS DA CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTICO- TERRESTRE, CON DESTINO Á EXPLOTACIÓN E CONSERVACIÓN DO PASEO MARÍTIMO.**

Dase conta da proposta de Alcaldía ao Pleno da Corporación,

***Asunto:*** *A aceptación por parte do Concello de Laxe das condicións e prescricións polas que se outorga a concesión de ocupación de mil novecentos noventa e cinco (1.955) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a explotación e conservación do paseo marítimo de Laxe, no termo municipal de Laxe (A Coruña).*
***Expte. Admvo. Núm****. 2020/X999/000048*

*Vista a solicitude realizada por este concello para o outorgamento da concesión de ocupación de 1955 m2 de dominio público marítimo-terrestre con destino á explotación e conservación do paseo marítimo de Laxe e das instalacións existentes nel.*

*Visto que con data do 29/04/2020, a Dirección Xeral da Costa e do Mar, a través da Demarcación de costas en A Coruña remitiu a este concello un oficio para poder continuar coa tramitación do expediente, no que se requiría o envío dunha nova solicitude de concesión relativa só á superficie destinada a paseo marítimo, acompañada da renuncia por parte do peticionario aos usos destinados a quiosco de prensa, aseos, caseta de información turística, almacén e cabina de teléfonos que permita garantir a recuperación do dominio público marítimo-terrestre, así como a avaliación dos efectos do cambio climático derivados da ocupación solicitada, conforme aos criterios establecidos no artigo 92 do Regulamento Xeral de Costas.*



FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

*Visto que con data do 18/08/2020, este concello presentou un escrito de alegacións xunto co informe técnico municipal en relación á retirada das instalacións ás que debe renunciar o concello.*

*Vista a Resolución de 29/10/2020 da Direccion Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, mediante a que foron sometidas á aceptación do concello as condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión solicitada impoñendo as seguintes condicións previas: "1) Deberase remitir con carácter previo ao outorgamento da concesión, a renuncia do Concello de Laxe aos usos destinados a quiosco de prensa, aseos, caseta de información turística, almacén, cabina de teléfono e paneis informativos e un novo proxecto no que se recolla exclusivamente a ocupación destinada a paseo marítimo e quede reflexado o desmantelamento do resto das instalacións indicadas. Así mesmo, remitirase o compromiso escrito de levantamento de todas as instalacións mencionadas nesta condición previa, no prazo máximo de 60 días a contar desde o outorgamento da concesión, que permita garantir a recuperación do dominio público marítimo-terrestre. 2) Remitirase a avaliación dos efectos do cambio climático derivados da ocupación solicitada, conforme aos criterios establecidos no artigo 92 do Regulamento Xeral de Costas"; ao que, con data do 14/05/2021, se remitiu por parte deste concello un escrito de alegacións ás condicións ofertadas por ese Ministerio.*

*Vista a Resolución da Direccion Xeral da Costa e do Mar, do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, de data 13/07/2021, pola que: "Esta dirección general ha resuelto: Someter nuevamente y por última vez, a la aceptación del Ayuntamiento de Laxe las siguientes condiciones y prescripciones por las que podría otorgarse la concesión de ocupación de mil novecientes cincuenta y cinco (1.955) metros cuadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destiono a la explotación y conservación del paseo marítimo de Laxe, en el término municipal de Laxe (A Coruña)."*
*Visto que por parte deste concello se remitiu con data do 03/08/2021 a documentación de cumprimento das condicións previas establecidas na dita Resolución de data 13/07/2021 relativas a:*
- *Renuncia aos usos destinados a quiosco de prensa, aseos, caseta de información turística, almacén, cabina de teléfono e paneis informativos existentes no paseo marítimo e compromiso escrito de levantamento de todas as instalacións mencionadas nesa condicións previa, no prazo máximo de 60 días a contar desde o outorgamento da concesión, que permita garantir a recuperación do dominio público marítimo-terrestre, de data 03/08/2021.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

- *Proxecto básico de solicitude de nova concesión para a ocupación dos terreos de dominio público marítimo-terrestre, no que se recolle exclusivamente a ocupación destinada a paseo marítimo e queda reflexado o desmantelamento do resto das instalacións indicadas.*
- *A avaliación dos efectos do cambio climático derivados da ocupación solicitada, conforme aos criterios establecidos no artigo 92 do Regulamento Xeral de Costas.*

*Á vista destes antecedentes e ante a necesidade de someter a acordo plenario a aceptación por parte do Concello de Laxe das condicións e prescricións conforme ás cales podería outorgarse a concesión, formúlase a seguinte proposta ao Pleno:*

***Primeiro**: A aceptación das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación de mil novecentos noventa e cinco (1.955) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a explotación e conservación do paseo marítimo de Laxe, no termo municipal de Laxe (A Coruña), establecidas na Resolución de data 13/07/2021 da Dirección Xeral da Costa e do mar, do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, e que figuran anexos ao presente acordo.*

***Segundo**: Remitir certificación deste acordo a Dirección Xeral da Costa e do mar, a través da Demarcación de Costas en Galicia.*

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, integrante do grupo mixto e representante do BNG manifestando que a posición é bastante inamovible e intransixente, e que despois da conversa con Eimil parecía que o Concello tiña que dar unha ubicación alternativa.
Contesta o concelleiro D. Diego Solto Pereiro manifestando que a negativa é total.
Intervén o concelleiro D. Eulogio Constantino Castiñeira, dicindo que a contestación foi que o Concello tiña que colocalo na zona municipal.
Manifesta Don Xosé Manuel Pose Lema, que se non votan a favor o concello non terá o control.

Seguidamente, tras breves intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:
**VOTOS A FAVOR: 10** [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Francisco Charlín Oróns, Don Eulogio Constantino Catiñeira e Don Diego Soto Pereiro ) 3 do PSdeG-PSOE ( Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].
**VOTOS EN CONTRA: 0**
**ABSTENCIÓNS: 0**
Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**
**Primeiro:** A aceptación das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación de mil novecentos noventa e cinco (1.955) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a explotación e conservación do paseo marítimo de Laxe, no termo municipal de Laxe (A Coruña), establecidas na Resolución de data 13/07/2021 da Dirección Xeral da Costa e do mar, do Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, e que figuran anexos ao presente acordo.

**Segundo:** Remitir certificación deste acordo a Dirección Xeral da Costa e do mar, a través da Demarcación de Costas en Galicia.

## B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

### 5- DACIÓN CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do RD 2568/1986, do 289 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno das Resolucións en extracto adoptadas pola alcaldía dende a convocatoria da última sesión do Pleno ordinario ata a convocatoria da sesión de hoxe.

| Nº Decreto | Nº de Expediente | Asunto |
|---|---|---|
| 000419/2021 | 2021/ G003/000443 | APROBACIÓN MÓMINAS MES XULLO. |
| 000420/202 | 2021/ | NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL, ANO 2021 (NON HAI EXPEDIENTE |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 15/10/2021 10:56:00)
Versión imprimible
CVD: lbRIDH2CQBKHeyrhzwez
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

| | | |
|---|---|---|
| 1 | G003/000444 | EN PAPEL) |
| 000421/2021 | 2021/ G003/000445 | Nomeamento de 1 peón forestal, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2021) |
| 000422/2021 | 2021/ G003/000446 | APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. DO MES DE XUÑO 021 |
| 000423/2021 | 2021/ G003/000442 | CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO 2020. |
| 000424/2021 | 2021/ G003/000447 | CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PREVISTAS NOMINATIVAMENTE NAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO 2020. |
| 000425/2021 | 2021/ G003/000448 | Resolución de aprobación, recoñecemento e pago de subvención nominativa SD Laxe 2021 |
